

Competencias clave

Competencia lingüística (CCL)

É o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes.

Como se traballa	<i>A través da lectura de documentos en diferentes formatos, a escritura e creación de textos e o diálogo e debate na aula.</i>
En que unidades didácticas se traballa?	1, 2, 3, 4 e 5

Competencia dixital (CD)

É aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para lograr os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e a participación na sociedade.

Como se traballa	<i>Cunha proposta didáctica que implica o manexo das novas tecnoloxías da información de forma directa na aula: creación de avatares dixitais, selección de contidos audiovisuais...</i>
En que unidades didácticas se traballa?	1, 2, 3, 4 e 5

Competencia para aprender a aprender (CPAA)

Require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.



Como se traballa	<i>Respectando os ritmos de aprendizaxe do alumnado e contando cun material didáctico e unha proposta de actividades adaptadas ás diferentes necesidades do alumnado.</i>
En que unidades didácticas se traballa?	1, 2, 3, 4 e 5

Competencia en conciencia e expresións culturais (CEC)

Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Como se traballa	<i>Partindo dun enfoque intercultural respectuoso coas diferentes expresións culturais e artísticas, nomeadamente na música.</i>
En que unidades didácticas se traballa?	4

Competencia social (CS)

Relaciónase co benestar persoal e colectivo. Esixe entender o modo en que as persoas poden procurar un estado de saúde física e mental óptimo, tanto para elas mesmas como para a súa familia e para o seu entorno social próximo, e saber como un estilo de vida pode contribuír a isto.

Como se traballa	<i>Integrando o enfoque do botrato no marco das relacións afectivas e de parella e a prevención da violencia machista, así como calquera outra forma de discriminación das mulleres e nenas.</i>
En que unidades didácticas se traballa?	1, 2, 3, 4 e 5